



8 de marzo de 2020 - Día Internacional da Muller Traballadora

## LOITANDO CAMBIAMOS O MUNDO!

O 8 de marzo de 2017, millóns de mulleres de moitas partes do mundo fomos a unha folga histórica por ser a primeira folga de mulleres global que ía máis aló dunha folga laboral, **incluíndo ámbitos como folga de coidados, de consumo e estudantil.**

É xusto recoñecer que o movemento feminista transfronteirizo e transcultural conseguiu que estas loitas estean nas axendas públicas. CGT implicouse con este movemento participando activamente, non só **convocando as folgas dos 8 M**, senón nas diferentes mobilizacións e accións conxuntas.

Este 8 M de 2020, a CGT baixo os principios antipatriarcales, **anticapitalistas, antirracistas e internacionalistas** da nosa organización, volvemos saír ás rúas en coordinación co movemento feminista para seguir **loitando.**

- **Loitando** xuntas contra as **desigualdades**, contra as violencias **machistas**
- **Loitando** polo dereito para **decidir sobre os nosos corpos** sen discriminacións **por razón de sexo, identidades e orientacións sexuais**
- **Loitando** para ser **mulleres libres**, porque seguimos sufrindo a **violencia patriarcal**
- **Loitando** porque a maioría das persoas **en precario somos mulleres**, porque as diferenzas salariais tamén se reflicten nas pensionistas
- **Loitando** porque o **traballo doméstico e de coidados se invisibiliza** e non se recoñece
- **Loitando** porque as lesbianas, gais, bisexuais, trans, intersexuales, queer... **seguimos discriminadas**
- **Loitando** porque as **mulleres migrantes** e/ou racializadas estamos nunha situación de maior vulnerabilidade ante a **violencia de xénero, a violencia institucional e a violencia racista**
- **Loitando** porque as mulleres rurais atopámonos nun espazo patriarcal que nos discrimina
- **Loitando** porque os recortes en educación, sanidade, servizos sociais e dependencia fanse á conta do traballo e o tempo de **nosoutras**

Por iso, **sigamos loitando** contra o **consumo capitalista** globalizado, sigamos loitando por unha educación pública, **laica, non sexista e sen estereotipos de xénero**, sigamos loitando por unha **economía sustentable**, xusta e solidaria que xestione os recursos básicos e naturais de forma pública, colectiva, comunitaria.

Por un **cambio real nas condicións sociais e laborais das mulleres**, libres de violencias, e por unha vida digna.

LOITANDO CAMBIAMOS O MUNDO!

SEN FEMINISMO DE CLASE NON HAI REVOLUCIÓN!



Confederación  
Xeral do  
Traballo

@CGT  
[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)  
[rojoynegro.info](http://rojoynegro.info)